

*Entre as semanas do Día do Libro Infantil e do Día dos Dereitos de Autor traballaremos nos contos de HC Andersen, creando **ensaladas de contos** gracias á nosa árbore papa-atrapa-contos



*Teremos encontros con **escritores, ilustradores, contacontos e magos.**



*Participación dos alumnos/as de 6º nun **clube de lectura** conxunta cos alumnos/as de 1º da ESO do **IES República Oriental do Uruguay.**

* Recibiremos a visita dos representantes dos centros que participan con nós no programa **ARCE, Un bosque para ler e navegar**, dende "**Gijón, Alcazar de S. Juan e Reus**" do 11 ao 14 de Maio .

*Xa por último, pero non menos importante, un homenaxe a **Valentín Paz Andrade** na semana das Letras Galegas e a **Feira Fin de Proxecto**, o *planeta bosque*, o día 29 de Maio con exposicións dos nosos traballos realizados ao longo do curso, os obradoiros de manualidades, os xogos de pistas, a merenda familiar e como non o noso Festival Fin de Curso


Tamén, recién estreada a primavera a nosa biblioteca ofrece **novidades** dirixidas a tódolos lectores.



<http://olardefriancinho.blogspot.com.es/>



ABRIL 2012



O próximo 23 de abril celebrarase o **Día Internacional do Libro**. Trátase dunha conmemoración celebrada en tódolos países, promulgada pola UNESCO.

A elección deste día en concreto obedece a unha coincidencia xa que escritores tan destacados como Cervantes, Unamuno ou Shakespeare finaron en datas moi achegadas á elegida.

Para a biblioteca é unha data moi importante e queremos celebrala realizando un Apadriñamento lector. Esta actividade consiste en que alumnos/as de cursos superiores e incluso de 2º se constitúan como padriños/madriñas de compañeiros/as de cursos inferiores compartir momentos de lectura.

Así as madriñas e os padriños terán a oportunidade de lerlle historias aos seus afillados/as.

Trátase dunha actividade que está pensada para fomentar a lectura e os obxectivos son:

• **Lectores:**

1. Favorecer a práctica da lectura expresiva.
2. Incentivar a motivación pola lectura, adaptándose ao nivel do oínte.
3. Potenciar as relacións interpersoais.

• **Oíntes:**

1. Desenvolver a capacidade de escoita activa.

2. Mellorar a atención e a comprensión de textos orais.
3. Saber adaptarse ás persoas de diferente idade.

**APADRIÑAMENTO
LECTOR O 23 DE
ABRIL, NO DÍA DO
LIBRO E DOS
DEREITOS DE
AUTOR**

